



INSTRUCCIÓN PARA DETERMINAR A TITULACIÓN REQUIRIDA AO PERSOAL DOCENTE PARA A IMPARTICIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS DE COMPETENCIAS CLAVE

Órgano emisor: Dirección Xeral de Formación e Colocación

Obxectivo: Unificar criterios para a selección do persoal formador para a impartición de accións formativas de competencias clave.

Alcance: Fase de execución das accións formativas relativas as competencias clave.

Normativa:

- [Lei 30/2015](#), de 9 de setembro, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral (BOE núm. 217, do 10 de setembro).
- [Real Decreto 694/2017](#), do 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o emprego no ámbito laboral (BOE núm. 159, do 5 de xullo de 2017).
- [Orde TMS/283/2019](#), do 12 de marzo, pola que se regula o Catálogo de Especialidades Formativas no marco do sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, (BOE núm. 6, do 14 de marzo de 2019).
- [ORDE do 7 de xaneiro de 2014](#) pola que se establecen os requisitos formativos para o acceso á formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional e se regulan as probas de avaliación en competencias clave dentro das accións formativas de formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG núm. 9, do 15 de xaneiro)

En relación ao requisito da **titulación requirida** para determinar o perfil válido do persoal formador das competencias clave en lingua galega, lingua castelán, matemáticas e lingua estranxeira dos niveis 2 e 3, relativo ao Catálogo de Especialidades Formativas do SEPE, serán de aplicación os requisitos que establece para o persoal avaliador no anexo II da *ORDE do 7 de xaneiro de 2014 pola que se establecen os requisitos formativos para o acceso á formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional e se regulan as probas de avaliación en competencias clave dentro das accións formativas de formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia*.

Santiago de Compostela
A Directora Xeral de Formación e Colocación
Zeltia Lado Lago

